


O ESPIGONCIÑO


XORNAL ESCOLAR DO CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" DE CARIÑO



Venres, 14 de Maio de 2010

DIA DAS LETRAS
GALEGAS

A B C D E F G H I J K L
M N O P Q R S T U
V W X Y Z



Nº 55
MAIO 2010

UXÍO NOVONERYA



Paula
Tallon
fuentes 5ºB

Cada 17 de maio Galicia honra ás súas letras e á súa lingua que é o galego. Esta festa comezouse a celebrar en 1.963, pola Real Academia Galega, para homenaxear a aquelas persoas que destacasen pola súa creación literaria en galego.

Cada ano, o Día das Letras Galegas decícaselle a unha persoa diferente, este ano tócalle a Uxío Novoneyra.

Aínda que o Día das Letras Galegas é unha xornada de festa, trátase tamén dunha data de reflexión sobre a situación da lingua e dunha responsabilidade que temos galegos e galegas na súa normalización. Tamén serve para lembrar este día os nomes de mulleres e homes que manifestaron o compromiso co país e coa súa cultura.

Cóntovos estas cousas para que o coñezades mellor, pero en realidade o que tedes que facer é ler o Espigonciño que, coma sempre, estará cheo de noticias interesantes, adiviñas, contos, chistes...

Carmen Docal García 6º A



SUMARIO.

Título	Páxina
O ENTROIDO	2
VISITA Á FÁBRICA DE CONSERVAS	9
EXCURSIÓN A BELELLE	10
FOMOS FACER A COMPRA	12
O DÍA DA PAZ	19
OS NENOS SAHARAUÍS	20
VISITA A ALDEANOVA	21
VISITA A OURENSE	26
AS NOSAS TRADICIÓNS	27
ENTREVISTA A FILIPE LUÍS	28
LETRAS GALEGAS	30
RODAMOS UNHA CURTAMETRAXE	33
O PATIO	34
CONTOS	36
POEMAS	40
BIBLIOTECA	43
PROTAGONISTAS	48
DEPORTES	49
OBRADOIRO: UN PORTAFOTOS	50
PASATEMPOS	51

ACTIVIDADES: O ENTROIDO.ENTROIDO 2010

O venres 12 de febreiro celebramos o Entroido no noso colexio. Foi un día moi chuvioso!

Este ano fomos disfrazados sobre a SAÚDE:

- Os nenos de Infantil convertéronse en cirurxáns, enfermeiros ou cur vermella...

- Os nenos de 1º foron de termómetros e nós, os nenos de 2º, fomos de hospitais.

- Os nenos de 3º e 4º foron disfrazados de froitas e hortalizas: peras, piñas, fresas e cenouras.

- E os nenos de 5º e 6º eran deportistas: futbolistas, tenistas, patinadoras...

Aí, tamén os nosos profes disfrazáronse de GOTAS DE AUGA!

Traballamos moito para facer todos estes disfraces, pero tivemos moi mala sorte porque aquel día choveu moito, fixo moito vento e os nosos disfraces estrágaronse!

Sobre as 11 da mañá todas as nenas e os profes do cole fixemos o tradicional desfile polo paseo marítimo ata chegar ao parque da cobertura. Que fío fío! No parque repartiron churros e chocolate para todos e despois xogamos un ratinho por alí.


Cando volvíamos para o colexio comezou a chover moito e tivemos que correr para non mollarnos. Menos mal que a profe levou paraguas e algúns puidemos abrigarnos. A pesar da chuvia pasámola moi ben e a profe fixonos moitas fotos.

ALUMNOS DE 2ºB



NO ENTROIDO

3 ANOS




DISFRAZÁMONOS




DE...

DEPOR TISTAS





E TAMÉN DE...



No Entroido, a clase de 4ºB fomos disfrazados de fresas. Fixemos o disfraz con cartolina vermella, e verde, para o gorro. A cartolina vermella levaba lunares negros.

Cando chegou o día, imos moi guapos. E cantabamos una linda canción:

As fresas son...moi saborosas
As fresas son ...moi apetitosas
Si calcio e vitaminas queres ter
Moitas fresas has de comer.

Unha fresa dixo a outra
Polo furado da porta:
ti governa a túa vida
que a miñanada che importa.

Todos me queren
eu quero ben BIS
quero moitas fresas
para así crecer.

Para facer vida san
boa dieta has de comer
fai un pouco de exercicio
bebe auga
e dorme ben...

Todos me queren
eu quero ben BIS
quero moita froita
para así crecer.

Sabela Pita Armada4ºB
Nerea Vale Santiago 4ºB



ACTIVIDADES: VISITA Á FÁBRICA DE CONSERVAS.

4 ANOS B



ICRPEL
UOPIA E O EA
FUMOS Á FABRICA DE CONSERVAS

EXIO.
DECLARIÑO
UOS AIXO MONICA
FUMOS CARIÑANDO

HUGO

Jorge

A A O A U L L E
HABIA NOITAS MULLERES LINPANDO O O O E O PEIXE
VNGUELE VO U S A A E E O
EU NON FUN. ESTABA ENFERMO

MANUEL

DÉRONNOS BONITO A PROBAR
DOS N O P D A D A DAVID

AAA JESICA
VINA MAMA


EUESABAE INFERMA
EU ESTABA MEN FERMA ERIKA

EU O O E O A I N D A
ME GUSTO COMER BONITO



U O V E K O A A O E I E A A A
GUSTOU ME CANDO BOTABAN O PEIXE NAS LATAS

DIEGO



U A O A D A E O A C I T J U L I A N
UNHA MAQUINA BOTABALLES O ACEITE
A S A S E I N A D O U A
AS LATAS METENNAS DENTRO DUNHA
R I A T A T A N A
CAIXA

A E O D O M A A N G E L
XA SE PO DEN COMER

E O N D A R A A
DÉRONNOS UNHAS LATAS

RAÚL

ACTIVIDADES: EXCURSIÓN A BELELLE. E. INFANTIL

EXCURSIÓN A BELELLE
CUSTARMEAS PLANTAS

 BRILNO

OS OEOS
OS COELLOS

CLAUDIA

OVAREN
MONTAR EN
IRIA



OI
PONI



ACR
FACER



AN
PAN



PEIAR A
PEINAR



OS OES
OS PONES

ADRIAN

MOVAREN
CEUA MONTAR EN PONI



PA N A R A S L A N A S
PLANTAR AS PLANTAS



ALEJO

ELISA MONAREN

MONTAR EN



PONI

MEUSADON
GUSTARON MEAS

AS PLANTAS



DAVID




PREINAR

HABALO
CABALO


CRISTIAN

JOSE JOSE
SE TRACTOR



OS

GRIFOS




DANIEL
CANGUROS

4 ANOSA

ACTIVIDADES: FOMOS FACER A COMPRA. INFANTIL 5 ANOS

OS "PINGUINOS"
FACER A COMPRA.
"PINGUINOS"
COMPRA



E OS "LEONES" FOMOS




ANTS DA SAIA:
INTES SAIDA

↑ O FALAMOS

DOS

DIFERENTES
DIFERENTES

TIPS DE TENDAS
TIPOS DE TENDAS



2º CE PRORTS
QUE PRODUCTOS
SUERNECO
SUPERMERCADO
OPATEA
PATACA


PODEOS
PODEOS
FEGONA
FREGONA

MERCAR NUN

LLD GUR
TACUR

3º SECCIONS DO SUPERMERCADO


Droguería Perfumería Mas cotas
Droguería Perfumería Mascotas
Lácteos Alimentación Bebidas
lácteos Alimentación Bebidas
 4º XENTE QUE TRABALLA NO SUPERMERCADO SUPERMERCADO



5º NOMERACION: OS PREZOS

LAPAZOUELA 1kg 0,50€	Queso Arzobispo LA ARZOBISPA 1kg 6,99€	Queso barra tradicional DEO DEL VALLE 1kg 7,39€
-----------------------------------	--	--

6º A ORIXE DOS ALIMENTOS: ANIMAL VEXETAL



7º OS ALIMENTOS SAUDABLES

- FROITAS
- IOGUR
- CARNE
- OS ALIMENTOS NON SAUDABLES
- "BOLOSINAS"
- TURRON
- MADALENAS

8º CÍMBO A
 FIKEMOS

OCA
 NOSA

BOLSA
 BOLSA

MATERIAIS:
 MATERIAIS
 KARTOLINA
 CARTOLINA
 PLASTILINA

DEVULLO:
 DEBUXO

LA

CERAS
 VELKLO
 VELCRO




A NOSA

COMPARA

NOME	PRODUTO	DEBUXO	PREZO
ANTIA	VAAGEL PAN		
ANIA	"BAGUETTE" PAN	0	0'35€
MARTIN	IOLAS CÍROLAS	00	0'35€
UXIA	IOGURES	4	0'49€
CARLA	"NECTARINAS" NETARINAS	2	0'15€
SERGIO T. LUCIA	LEITE	1	0'73€
CLAUDIA	LEITE	1	0'18€
SERGIO PEGO	IOGURES IOGURES	1	0'18€
Andrés	IOGUR	4	0'89€
Rose	YOURES IOGURES	4	0'92€
Bula	IOGURES ACTIVIA	4	1€
ÉRICA	IOGURES IOGURES	3	1'59€
MARTA	IOUR DE BEBER IOGUR	3	1'60€

DURANTE A SAIDA:

1º COLLIMOS AS NOSAS VOLVAS
E SAIMOS DO COLEXIO.



2º ENTRAMOS NO SUPERMERCADO E
COLLIMOS O CESTO



3º MIRAMOS AS SELIOS SECCIONS

FROITEIRIA



PANADERIA



CARNICERIA



CONGELADO

FOGAR






FREGONA BARRA



RECALLEADOR

XARNA


4º OBSE RBAMOS OS PRECOS



5º ESCOLLIMOS UN PRODUCTO SAUDABLE ^{SAUDABLE} QUE COSTASE 2 EUROS OU MENOS.



6º PAGAMOS POR CAIXA ^{CAIXA} ETAGAMOS ^{PAGAMOS}



DESPOIS PASAIDA:

- 1º FALAMOS DO QUE MERCAMOS
- 2º LEBAMOS O QUE MERCAMOS PARA A NOSA CASA
- 3

NA CLASE FIVEMOS FICHAS SOBRE OS ALIMENTOS E OS PREZOS

RECORDAR PREZOS MENORES DE 2 EUROS	ALIMENTOS DE ORIXEN VEGETAL	ALIMENTOS DE ORIXEN ANIMAL
--	--------------------------------	-------------------------------

ACTIVIDADES: ESPECTÁCULO DE MAXIA.

O QUE OS NENOS DE 1º “B” OPINAN SOBRE A ACTUACIÓN DE MAXIA

“Ese día fomos á Casa da Cultura. No escenario apareceu un mago; tiña unha caixa, dentro meteu un pano e converteuse nunha pomba. Despois meteu unha rapaza dentro dun caixón e fíxoa desaparecer. Aos nenos gustounos moito o seu espectáculo”.


Ana Isabel Romero.

“O outro día fomos á Casa da Cultura. Alí vimos un mago. Fíxo moitos trucos de maxia. Gustoume moito.”

Iván Rubido.

“Fomos ver un espectáculo de maxia. Había un mago que tiña unha variña e facía cousas moi bonitas. Fíxo aparecer unha pomba. Había unha señora que era a súa axudante, meteuna dentro dun armario; tiña un vestido vermello e saíu cun vestido de cor negra.”

Eric Schulze.



“Había un mago que facía maxia. E tiña unha axudante que a metía nunha caixa e logo quitaba as pezas da caixa, as cambiaba de lugar e despois a axudante saía enteira. Tamén lle saían pombas da man.”

Laura Trinquete.

“Cando o mago colleu o marco e o mago colleu a variña, deulle ao marco e saíu unha pomba de cor branca. Gustoume moito a súa actuación e quedamos todos coa boca aberta.”

Nerea Couto.

“Gustoume moito o espectáculo. O mago fíxo que saíse unha pomba do sombreiro; escondeu unha moza e sen toparlle cambiouna de vestido. Tamén subiu a Tatiana e mandoulle cortar cunha tesoura máxica.”

Antía Yáñez.

“O truco de maxia que máis me gustou foi o da rapaza que se cambiou de traxe dentro dunha caixa.”

Tico Pedruelo.

“Fomos a un espectáculo de maxia e unha pomba desapareceu. O mago fíxo unha corda pequena. Fíxo desaparecer á axudante nunha caixa; cortou a caixa e volveu por arriba da caixa. Gustoume moito.”

Roi Polo.

“O outro día fomos á Casa da Cultura ver un espectáculo de maxia. O mago tirou un pano ao aire e saíu unha variña máxica. Tamén fixo trucos coas cartas, coas cordas...O que máis me gustou foi cando saíu unha pomba dun cadro.”

Alejandro Pena.

“Eu vin un mago e vou escribir o que máis me gustou. O que máis me gustou foi o truco do pano: o mago tira dun pano e saen máis panos. Tamén , cando o mago converte o seu pao máxico nun ramo de flores.”

Daniel Quiza.

“ Na Casa da Cultura vin un espectáculo de maxia que me gustou moito. Agora volo conto.

O mago chamou a Tati para que lle axudara e lle deu unhas tesoiras para que cortara o pano do mago, pero intentouno dúas veces e non o conseguíu. Despois o mago chamou á súa axudante que estaba vestida de pantalón, meteuna dentro dunha caixa con buratos. O mago tapou a caixa e todos os buratos e cando abriu a caixa, a rapaza saíu vestida cun vestido de cor laranxa.”

Sabela Pérez.

“Aprendín algo de maxia do señor mago. Vin algo máxico e magnífico cando sacou do cadro unha pomba e logo o mago converteu as plumas en moitos aros de diferentes cores e outras maxias. Logo terminou o espectáculo e participou o Director.”

Kevin Pérez.



ACTIVIDADES: O DÍA DA PAZ

O pasado día 29 de xaneiro, celebramos no colexio o “DÍA DA PAZ”.

Houbo varias actividades:

- Primeiro, baixamos ao salón de actos;
- Alí, léronse os poemas feitos por cada clase;
- Vimos o vídeo “Puk y el muro”;
- Cantamos a canción “Es tiempo de cambiar”;
- Lectura do “Decálogo pola paz”.

Despois, no patio cuberto, soltáronse as pombas como en anos anteriores.

Nenos e nenas de 2º “A”.



ACTIVIDADES: "OS NENOS SAHARAUIS" .

Un día viñeron ao colexio unhas persoas que nos falaron dos "nenos saharauís" e nos puxeron un vídeo para que nos fixeramos unha idea de como viven.

Estes nenos viven en condicións extremas: sen auga, apenas teñen comida... pero hai unha cousa que conservan a montóns: a esperanza...

A esperanza de vivir nun mundo mellor, de ver o mar, de ver as plantas, etc...pero o que máis esperan é que algún día chegue un avión e os rescate.

Eles son moi positivos, sempre pensan que todo se vai a lograr e así será.

Coa nosa axuda podemos facer que gozen dunhas vacacións e coñezan outras formas de vida.

Nós temos todas as comodidades e non sabemos valorar o que temos.

Debemos de aprender destes nenos. Eles ensinaronos o significado dun sorriso, dun agradecemento, do ben que un se sente axudándoos.

Se eles se benefician da nosa axuda, nos sentiremonos felices de que así sexa.

Nós vivimos nun mundo repleto de cousas: temos comida abundante, xoguetes en cantidade, libros...gozamos dunhas paisaxes preciosas e temos un inmenso mar.

Eles, pola contra, viven en casas de adobe ou campamentos, sen auga, apenas teñen comida, máis ca que lles chega da nosa xenerosidade...O seu mar é un inmenso deserto de area...Por iso gustaríamos que se solucionasen os seus problemas e as autoridades que intercedesen para que estas pobres xentes puideran volver ao seu país e vivir alí, libremente, non en campamentos, senón en boas casas coas cousas mais necesarias ao seu alcance.

De momento, o que podemos facer por eles, e traelos un par de meses no verán de acollida ás nosas casas. Axudándoos en todo e eles estaremos eternamente agradecidos.

NENOS E NENAS DE 4ºB



ACTIVIDADES: VISITA A ALDEANOVA. 2º CICLO

O día 20 de abril fomos de excursión a una granxa escola: Aldeanova, no Concello de Narón. Saímos do colexio pouco despois das nove e media, era un día bonito de primavera.

Cando chegamos a Aldeanova pensei que non me ía gustar, pero despois pasámolo xenial. Estábannos agardando unhas monitoras moi simpáticas: Susana, Pepa, María (que é de Cariño) e tamén Pedro. Déronnos un lazo distinto para cada curso: 4º A, azuis, 4ºB amarelos, 3ºA malvas, e 3ºB rosas. Nos organizaron en varios obradoiros.

Primeiro fixemos cociña divertida: galletas, e un pincho no que dentro poñiamos froitas é estaba boísimo. Chámase brocheta. As galletas levaban fariña, azucre, manteiga, leite e limón. Amasamos todo e cuns moldes saíron as galletas. Estaban moi boas.

Logo fixemos un tres en raia cosido e pintado, que quedaba como unha bolsa. Xantamos todos no comedor e descansamos un pouco.

Volvemos ás actividades facendo una pegada dun animal con barro e escaiola. As instrucións foron estas: primeiro Pedro, o monitor, nos deu un pouco de barro, despois collemos un plástico e puxémolo arredor e, ¡me esquecía!, botamos escaiola nun vaso e lle vertemos auga, e para que non se puxese duro, tiñamos que revolver moito.

Aprendemos a distinguir rastros de animais como cacas ou zanzas. Despois, demos de comer aos animais: cabalos, bois, vacas, ocas... por certo a oca macho estaba moi enfadada e facía "haa,haa,haa...". Había un porco celta enorme, que medía máis de 2 metros e pesaba máis de 500 quilos. As cabras escapaban porque Nico e Juanma as espantaban. Coñecemos a unha cadela que se chamaba Aldea, e era moi mansa.

Finalmente, vimos un reloxo solar e unhas maquetas xigantes dunhas casas do ano 218 antes de Cristo de cando os romanos conquistaron España.

Foi moi divertido e voltamos todos moi contentos despois de merendar.

Alumnas e alumnos de 3ºB



Así amasaban, así, así...



Así estiraban, así, así...



Así quedaban así, así...

Mmmmmmm!

Que boas!!!



Brochetas de froita!

Cortamos plátano, laranxa, melón, kiwi, pera...

Cravamos con moito coidado.

Saboreamos...

Deliciosas!!!



Fixemos un “Tres en raia” pa-
ra levar de viaxe.

Non nos deu tempo a rematar.

Coser é moi difícil!!!



Comemos e descansamos.



Fixemos pegadas,

Buscamos rastros...

Adrián atopou algo interesante!

... É caca!!!



Collemos berzas para darlle de comer ás vacas, aos porcos, aos cabuxos, ás ovellas...

O pavo era "verrugoso" e estaba cabreado.



Esta é María, unha das
monitoras.

É de Cariño!

A cadela chámase Aldea. É moi xoguetona!

Alumnos e alumnas de 3º A

ACTIVIDADES: VISITA A OURENSE. 3º CICLO

O Venres, día 7 de maio, os alumnos do 3º ciclo do colexio de Cariño fixemos unha excursión a Ourense, que nos gustou moito. Queríamos ver unha central hidroeléctrica, as Burgas, a catedral de Ourense e as termas de Outariz. Madrugamos moito e saímos de Cariño as 7:45 da mañá porque Ourense queda moi lonxe do noso pobo. Choveunos durante a maior parte do traxecto e houbo nenos e nenas que se marearon na viaxe. Chegamos aproximadamente ás 11:00 a Belesar, despois de facer unha breve parada no camiño para estrar as pernas e descansar un pouco. Aquí en Belesar hai un encoro artificial que se fixo no ano 1963, no río Miño. Mide máis de cincuenta quilómetros de lonxitude. Baixamos co autobús por un túnel subterráneo e chegamos a unhas máquinas nunha cabina que as fai funcionar. É unha central hidroeléctrica para producir electricidade grazas a forza da auga. A estación está situada a 140 m. baixo a terra e os alternadores fan alí un ruído enxordecedor.



Despois continuamos viaxe cara a Ourense, Cando entramos vimos unha ponte romana situada sobre o río Miño con moitos arcos e moi longa. A continuación fomos a comer a un centro comercial e nos deixaron tempo libre antes do xantar, tempo que aproveitamos para ir ás tendas e a sala de xogos. Comemos todos xuntos no restaurante A Toscana do centro comercial e tomamos hamburguesas con patacas fritidas, ou bocata de bacon e queixo con patacas fritas e tamén unha bebida. A comida estaba moi boa.



Despois fomos a pé ata as Burgas. Son unhas fontes de auga quente que están nus xardíns de Ourense. A auga sae a máis de sesenta graos. Algúns nenos colleron auga en botellíns de plástico e tamén había unha poza na que se tiraba diñeiro e saían burbullas e vapor. Empezaba a chover cando saímos das Burgas cara á catedral.



Alumnos e alumnas de 5ªA

Catedral.

A catedral era románica, e era moi grande. Cando entrabas pola porta, á esquerda había unha estatua de Xesús con pelo de verdade. Manolo, o profesor de relixión, explicounos que alguén doou o seu pelo para poñelo na estatua. Non había moitas ventás, pero as poucas que había eran preciosas, eran de cores. Cando pasabas polos corredores, vías estatuas por todas partes.

Na outra entrada, que estaba pechada, estaban tódolos apóstolos e Xesús no medio. Había moitos bancos, e eran moi grandes. Para min foi moi interesante, e espero que aos demais tamén lles gustara tanto coma min.

As termas.

As termas estaban moi preto dun río, e para ir a elas tes que pasar unha ponte preciosa. Hai moitas termas, algunhas máis quentes ca outras, eu bañeime nunha de 41 graos. Hai termas na parte de abaixo, e se sobes polo camiño hai máis termas. Na outra parte da ponte as termas están máis quentes, máis ou menos a 60 graos. En cada vestiario había unha taquilla onde gardar as cousas. As termas estaban rodeadas de pedra, e no fondo do chan tamén. Estivemos media hora porque antes chovera, pero igualmente paseino moi ben.

Paula Tallón Fuentes 5ºB

AS NOSAS TRADICIÓNS.

Sabias que... "A QUEIMADA" é unha bebida característica de Galicia que se fai queimando augardente e azucre ata que se consume gran parte do alcohol, á que se lle poden engadir outros ingredientes, como grans de café, anacos de froita, etc...

Resolta moi vistosa a súa preparación.

Mentres se vai remexendo e á vez, queimando, a persoa que a prepara, dirá os "Conxuros da queimada" que son:

Lume lumiña,
Que verde camiña
Da fraga á lareira
E faise lumieira.

Lume de quentura
Pra nosa fartura.
Lume benzoada
Que roda a queimada.

Píngula dorballo
Folla de Carballo
Auga do agoiro
Mel do fervedoiro.

Cerqueira de lume,
Sen trasno nin fume
Nin bruxa chichona
Nin meiga dentona.

Rolar muiñeiro
Chiscar faisqueiro
Maxona luminosa
Vagalume rosa.

Viradeira de lus
Farémolacrus:
Polo as da sorte
Que escorrenta a morte.

Pola herba da viga
Que escorrenta a ferida.

Pola herba moura
Que busca a tesoura.
Pola pedra do raio
Que mata ao meigallo.

Lume, lume, lume,
Lume, lumeada
Para aloumiñar
A queimada, queimada
Na vira virada,
Do barbullar.

Polo San Silvestre,
De pao de cripestre,
Chega de San Roque
Can e palitroque.

Polo Santo André
E polo San Iago
Nun reviravés
Queimada che feigo
E queimada es.



ENTREVISTA

Filipe Luís Kasmirski (nacido o 9 de agosto de 1985 en Jaraguá do Sul, Brasil) máis coñecido como Filipe Luís, é un futbolista brasileiro de ascendencia polaca e italiana. Xoga na actualidade para o Deportivo da Coruña como lateral esquerdo, antes o fixo no Real Madrid e no Ajax. (Procedencia do texto: Wikipedia , fotografía de Dépor Sport)



Ola Filipe Luís, os nenos e nenas de Cariño, unha vila que está ao norte de A Coruña, a uns 100 quilómetros, elixíronche para a sección de entrevistas do xornal escolar. Aquí lanzámosche 14 preguntas seleccionadas entre máis de 50.

Pregunta: 1. Como vai a recuperación da lesión tan grave que sufriches? (Brais 4ºA)

Felipe Luís: Pois moi ben. Estou moi contento porque todo saíu moi ben. Recupereime antes de tempo e aínda teño ilusión por xogar o Mundial con Brasil.

2. Que foi o que che pareceu máis atractivo para empezar a xogar ao fútbol? (Cintia 4ºA)

A min gustábame e gústame moito calquera deporte. Pero desde pequeno empecei a destacar no fútbol e aos poucos acabei sendo profesional.

3. Queres seguir no Dépor ou che gustaría cambiar de aires para un equipo como Madrid ou Barça? (María 4ºA)

Estou moi contento no Deportivo. É un Clube que me tratou fenomenal, A Coruña é unha cidade preciosa na que se vive moi ben e as instalacións do Dépor tamén son moi boas. Se saio algunha vez, ten que ser bo para min e para o Deportivo. Evidentemente a todos lles guste xogar no Real Madrid ou no Barcelona, pero prefiro tomarme as cousas con calma.

4. Que afeccións tes a parte do fútbol? Practicas algún outro deporte? (Clara, Cristina, Ana, Sergio Díaz, Laura 4ºA)

Pois me encanta o tenis, o ciclismo, o baloncesto... Todo me gusta moito.

5. Canto tempo lle dedicas ao fútbol ao día? (Lara 4ºA)

Pois é a miña profesión, e normalmente pois o que é unha xornada de traballo. Logo, aínda que acabes de adestrar, tes que coidarte para volver outra vez ao día seguinte.

6. Que che faría máis ilusión, xogar un mundial ou a Champions League? (Xandre 4ºA)

Para min o Mundial. É o máis importante que hai a nivel do fútbol e, como son brasileiro, imaxínate o que sería estar con Brasil, que é o mellor equipo e a mellor selección do mundo, con permiso de España claro.

7. Enfadácheste moito cando non puides ir ao Barça? (Levi 4ºA)

Ao principio si. Logo recapacitei e vin que cometera erros eu tamén. O tempo creo que lle deu a razón ao Deportivo. Eu quedeime aquí e tamén fun feliz no Dépor.

8. Tratáronche ben na túa etapa no Real Madrid? (Sergio Eiroa 4ºA)

Moi ben. O Real Madrid é un gran Clube e vese en todos os detalles. Foi unha etapa moi bonita da miña vida, na que eu era moito máis novo. Servíume para aprender máis a xogar ao fútbol e facer moitos amigos, algúns moi bos.

9. Pensas que chegarás a tempo ao mundial? (Antonio 6ºA)

Espero que si. Eu fixen todo o posible por recuperar-me a tempo. Agora todo depende dos adestradores da Selección Brasileira. Se ao final non estou na lista, pois poderei dicir que fixen todo o posible por estar.

10. Con cantos anos empezaches a xogar ao fútbol? (Tatiana 6º A)

Pois como calquera neno. Desde moi pequeno tireime o do balón. No cole era o noso deporte favorito nos recreos.

11. Cal foi o momento máis feliz da túa carreira deportiva? (Jose Andrés 6ºB)

Cando debutei con Brasil e cando marquei o meu primeiro gol co Deportivo.

12. Podes dicirnos un 11 ideal da liga? (alumnos de 6ºB)

É difícil pero aí vai: Aranzubía, Dani Alves, Piqué, Albiol, Fernando Navarro (Sevilla), Xavi, Xabi Alonso, Cristiano Ronaldo, Silva, Messi e Vicente.

13. Pensaches algunha vez en retirarte do fútbol e dedicarte a outra cousa? (Alumnos 6ºA)

Na vida de todo futbolista sempre hai momentos duros: por exemplo o que vivín coa miña lesión. Con todo, para min o fútbol é moi importante na miña vida e aínda son moi novo para retirarme.

14. E para rematar..., Que consello lles darías aos nenos e nenas que comezan a xogar ao fútbol?

Pois en primeiro lugar que fagan deporte. Calquera deporte é bo, non só o fútbol. Facer deporte tamén che axuda a estudar mellor e seguro que a sacar mellores notas porque para todo hai tempo.

Só me queda enviarvos un agarimoso saúdo para todos os alumnos e alumnas do CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño.



O noso agradecemento a Filipe Luís por contestar a estas preguntas e a Rafael Carpacho, Xefe de prensa do R.C. Deportivo de La Coruña por facilitar a entrevista.

LETRAS GALEGAS

Uxío Novoneyra

Uxío Novoneyra naceu na aldea de Parada de Moreda, da parroquia de Seoane do Courel, o día 19 de xaneiro de 1.930. Foi bautizado como Eugenio Novo Neira.

Era fillo dunha familia de labregos e pasa a súa nenez no lugar de nacemento, en contacto cos tradicionais modos de vida da Galicia máis rural. Este marco xeográfico arredado constituiría logo un referente físico para a súa poesía, que tamén se verá influída polo ambiente histórico da década dos anos trinta e principios dos corenta, coa chegada da II República, a Guerra Civil e a Ditadura franquista.

Cando ten quince anos, trasládase a Lugo para estudar Bacharelato, que remata en 1.948. Será neste ano cando coñeza ao seu compañeiro de xeración, Manuel María, co que compartirá tamén o servizo militar en Santiago de Compostela (en 1.952) e, o que é máis importante, a honra de seren definidos como poetas símbolos das súas respectivas terras de orixe: o Courel e a Terra Cha. Con Manuel María vai frecuentar as tertulias e as actividades culturais que promoven Ramón Piñeiro, Luís Pimentel ou Ánxel Fole.

En 1.947 fora vivir a Parada a escritora noiesa María Mariño Carou, homenaxeada co DIA DAS LETRAS GALEGAS en 2.007, e coa que Uxío comezará unha fonda relación persoal que se vai estender ata a morte da poeta, en 1.967. Esta relación deixará unha fonda pegada na obra dos dous.

En 1.949 vai para Madrid, onde se matricula como oínte na carreira de Filosofía e Letras, despois de superar o Exame de Estado. Aproveita esta estancia en Madrid para formarse culturalmente e chega a publicar na revista universitaria *Bengala* dous poemas que formaban parte do libro inédito *Desde las cosas*. Será na capital onde comece a súa intromisión na vida política e cultural, dando na Universidade o seu primeiro recital poético e participando noutro celebrado no Teatro Lara.

En 1.952 Uxío Novoneyra volve a Galicia para facer o servizo militar en Compostela, A Coruña e Lugo. Podemos dicir que é na súa estancia en Compostela cando esperta no escritor a nova conciencia galega e galeguista que se vai consolidando en contacto con figuras tan senlleiras coma o pintor Carlos Maside, o ensaísta e ideólogo Ramón Piñeiro -homenaxeado do DIA DAS LETRAS GALEGAS de 2.009- e e figura humanística e patriarcal de don Ramón Otero Pedrayo, a quen se lle adicara o DIA DAS LETRAS GALEGAS en 1.988. Será o contacto con estes persoeiros o que, con total probabilidade, provoque en Novoneyra a decisión de converterse nun autor monolingüe en Galego.

Entre 1.953 e 1.962 vai permanecer na súa terra natal para recuperarse dunha doenza pulmonar (unha pleuresía) e será nesta situación de soidade e afastamento cando nace o ciclo poético courelán, que se inicia co libro *Os eidos*, escrito entre 1.952 e 1.954. Este libro, dedicado a Maside e a Piñeiro, leva un prólogo en forma de carta deste último no que destaca a unión do poeta coa terra.

En 1.957 se organiza no Círculo Mercantil de Santiago de Compostela un ciclo de conferencias para dar a coñecer a poesía galega, desde as cantigas medievais ata os novos poetas. O presentador deste acto ía ser Don Ramón Otero Pedrayo pero a morte da súa nai impídelle asistir á presentación, razón pola que envía unhas notas manuscritas en galego e castelán. Rodolfo López Veiga, encargado de ler as notas de D. Ramón non se atreveu a facelo en galego por medo á represión e a falta de uso do noso idioma en actos públicos. É nese acto cando Uxío Novoneyra toma a palabra para recitar uns poemas do noso Cancioneiro Madieval, abrindo a súa intervención cun “Miñas donas, meus señores” que, segundo afirma Franco Grande, supoñen unha auténtica bomba entre o público, o que leva a afirmar ao periodista Raimundo García, “Borobó”, que Novoneyra é “un home saído doutro tempo e chegado doutra galaxia”, ao tempo que o considera como o primeiro rapsoda galego.

No ano 1.962 volta a Madrid para traballar en programas de radio e televisión na temática poética, tanto galega como española ou universal. Frecuenta as tertulias do Café Gijón e participa nas reunións do grupo Brais Pinto, integrado por distintos artistas, escritores e políticos (Reimundo Patiño, pintor; Bautista Álvarez, político; e os escritores Ramón Lourenzo, Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, presidente hoxe da Real Academia Galega). Algúns destes integrantes do grupo crearían no ano 1.963 a Unión do Pobo Galego (UPG), integrada hoxe no Bloque Nacionalista Galego.

É durante esta estancia en Madrid cando Novoneyra vai escribir unha serie poética que leva por título “Elegías de Madrid”, e que serán publicadas nunha versión bilingüe galego-castelán pola Editorial Adonais, xunto coas series de poemas “Primera verdad y tiempo con nombres” e “Elegías del Caurel”.

En 1.966 Uxío Novoneyra volve ao Courel pola enfermidade dos seus pais. Desde entón xa quedará para sempre en Galicia. No 1.971 morre o seu pai e, dous anos despois, a súa nai. É xustamente neste ano cando casa con Elva Rei, á que coñecera en Lugo en 1.968. Con Elva ten tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo, e alternarán residencia entre Lugo e O Courel ata 1.983, en que marchan para Compostela.

Mentres vive no Courel vai recoller os poemas do ciclo courelán posteriores á publicación do seu primeiro libro “Os eidos”. Esta recompilación será editada en Vigo por Galaxia co título “Os eidos 2”, levando tamén un subtítulo: “Libro de Olladas” e estará dividida en seis partes: “Serra aberta”, “Follas de cantigas”, “Diario de enfermo”, “Don do silencio”, “Letanía de Galicia e outros poemas” e “O Laxeiro pintor de Galicia”. Hai que resaltar que o libro “Os eidos 2” está ilustrado polo pintor Laxeiro e dedicada á memoria dos seus pais e á de María Mariño.

Nesta época, de significado compromiso político, traduce ao galego poemas do chinés Mao Zedong, que publica en “El Progreso” de Lugo. O seu seguinte libro será “Cadernos da Gadaña”, onde aparecen publicados os “Poemas Caligráficos”, editados por Brais Pinto en Madrid no ano 1.979. Este libro inclúe un álbum fotográfico de Elva e Uxío no Courel e está dividido en dous grupos: “Vietnam canto” e “Poemas Caligráficos”. No primeiro destes grupos Novoneyra expresa o desexo de liberación do Vietnam comparando esa arela de liberdade á que el ten pola liberación de Galicia.

Cando comeza a década dos oitenta Novoneyra recompila e depura a súa obra referida ao Courel. En 1.981, Xerais, dentro da colección Grandes Mestres, edita “Os eidos. Libro do Courel”.

En 1.983 afínase definitivamente en Santiago de Compostela, onde exerce a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo para o que fora elixido en 1.982 e que desempeñará ata a súa morte, en 1.999. En “Muller pra lonxe”, editada pola Deputación de Lugo no 1.986) reunirá, no número un da colección que el mesmo bautiza como “Gran Lugo de nebra” os poemas eróticos e amorosos. Máis adiante, na colección “Vento que zoa” aparece “Do Courel a Compostela”, unha antoloxía que recolle as composicións de temática política. Seguindo con esta compilación bilingüe publícase unha nova versión galego-euskera da serie courelán.

A comezos dos noventa aparece unha nova versión de “Os eidos”, que inclúe un novo poema, “O monte Cido”, escrito en 1.985.

Será nos primeiros anos da década dos noventa cando Novoneyra nos vai mostrar unha nova perspectiva da súa capacidade creativa ao se introducir no mundo da narrativa infantil, coa publicación de dous contos: “O cubil do xabará” e “Gorgorín e Cabezón”, ilustrados por Quintana Martelo e Vázquez e editados por Edelvives. Os protagonistas destes contos son rapazas e rapaces, princesas e animais. Están ambientados na xeografía do Courel e escritos cunha fermosa linguaxe poética, con xiros e palabras propios do espazo courelán.

Reaparece en 1.994 como poeta cuns poemas inéditos agrupados baixo o título “Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras”. É tamén nestes anos cando aparece un novo poemario que edita o Concello de Santiago, “Camelio xaponés”. Nesta edición Novoneyra traduce ao galego sete poemas de Ayako Sugitani e esta traduce ao xaponés tres poemas do noso homenaxeado. En 1.997 o Concello de Betanzos edita novos poemas de Uxío, recollidos nunha publicación “Poemas dos Caneiros”.

Completa a súa triloxía de literatura infantil cun novo libro “Ilda, o lobo, o corzo e o xabará”. Edítalo Edelvives.

O trinta de outubro de 1.999 morre Uxío Novoneyra na cidade da Coruña, sendo enterrado en Lugo. Con esta morte desaparece un poeta comprometido coa súa terra e coas súas xentes, voz da conciencia nacional galega nos anos escuros da nosa historia. Nese mesmo ano editase “Onde só queda alguén para aguantar os nomes”. Logo, baixo o patrocinio da Xunta de Galicia, aparece nese mesmo ano a súa obra póstuma: “Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas”. Neste libro recóllense poemas aos que se refería como Libro de Rotas/Ameto Mítico, que elaborara Uxío entre 1.992 e 1.996, publicados en distintos medios de comunicación, como estes que aparecen en 1.997 no Correo Galego baixo o título de “Lendas de a cabalo”. O día 26 de xuño de 2.009, o Plenario da Real Academia Galega acordou adicar o 17 de maio de 2.010, DIA DAS LETRAS GALEGAS, a Uxío Novoneyra.

Alumnos de 6ª e 6ªB

Uxío Novoneyra

Este ano o día das letras galegas dedicáramoslo a Uxío Novoneyra. Uxío Novoneyra naceu en 1930 en Courel ,era fillo dunha familia de labregos . Uxío comezou a escribir contos porque cando vivía en Courel veu unha paisaxe e de hai saíron os seus versos. No ano 1983 Uxío afincase en Santiago , cidade desde a cal exerceu co presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ate a súa morte no 1999. Algúns libros de Uxío eran: OS EIDOS , DOS SOÑOS TEIMOSOS , POEMAS DA DOA CERTEZA ...Uxío era un escritor de poesía , contos e contos infantís.

Fran Ramil Lorenzo 5ºB

UXÍO NOVONEYRA VISTO POLOS ALUMNOS DE 5º A



ALDARA



DAVID



CARLOS



DIEGO



HELENA



JESÚS



JULIÁN




ROCÍO



UXÍA



PAULA



UXÍO NOVONEIRA

PROXECTOS.

RODAMOS UNHA CURTAMETRAXE

Fai moito tempo que á nosa profe lle ronda unha idea pola cabeza: gravar unha curtametraxe. Tiña cámara, un ordenador cun programa de edición, mesmo tiña o título escollido, pero faltáballe o máis importante... os actores! E aí estabamos nós para axudarlle.

“Mamá cabra e os cabuximos” foi o título elixido. Sabiamos que este conto tiña moitas versións, pero a que nos trouxo María non a coñecíamos. Gustounos!

Despois de lelo, cada un elixiu o personaxe co que máis se identificaba, como somos moitos, algún tivémolo que compartir. Nas sesións de plástica preparamos os disfraces e cando tiñamos todo listo... comezamos a rodar.


O primeiro día levámonos unha gran sorpresa, íanos axudar Ana, a que nos daba Educación Física cando éramos pequenos! Que guai!

Ao principio estabamos un pouco nerviosos, iso de que te graven cunha cámara, impón un pouco!

A experiencia era tan divertida que axiña nos tranquilizamos. Cando comezamos a rodar todos nos partíamos de risa, non nos saían as palabras, facíamos ruído... Ás veces, tapabamos os ollos para intentar estar serios, pero non o conseguíamos e María enfadábase.

Temos un montón de tomas falsas moi graciosas: cando o lobo come os ovos, cando se emporcalla coa fariña, cando se perfuma co limpacristais, cando o atamos...

Gustounos tanto que queremos repetir. Foi impresionante! Pasámolo... BOMBA!!!



Alumnos e alumnas 3º A

O PATIO

QUEREMOS UN PATIO LIMPO

"ATÓPOME UN POUCO SUCIO
DESCOIDADADO E OLVIDADO..."
ISTO PENSABA O NOSO PATIO
QUE XA ESTABA UN POUCO CANSO.
¡QUEREMOS UN PATIO LIMPO!
TODOS OS NENOS E NENAS BERRARON.
POR ISO NESTE TRIMESTRE
UN NOVO PROXECTO INICIAMOS.
AGORA NO RECREO TEMOS "VIXILANTES"
QUE VAN SEMPRE MOI ELEGANTES
COS SEUS CHALEQUES LARANXIÑAS
E AS SÚAS GORRAS FOSFORITAS.
MIRAN POR AQUÍ E
TAMÉN POR ALÍ,
CONTROLAN AOS QUE COMEN
E POR SUPOSTO AOS PROFES.
NON TIRES NADA AO CHAN E
BOTA CADA COUSA NO SEU LUGAR
POIS SENÓN UNHA "REGAÑINA"
SEGURO QUE HAS LEVAR.
"SE TODAS E TODOS COLABORADES
E O LIXO RECOLLEDES
EU ESTAREI MÁIS LIMPO E
VÓS MÁIS LEDOS XOGAREDES.

Moitas Grazas

Fefa, coordinadora de Actividades Extraescolares

IMPRESIÓNS DALGÚNS VIXILANTES DO PATIO

Ser vixilante de patio paréceme moi ben porque así poderemos gozar todos dun patio máis limpo.

Ademais, está moi ben que poida participar o alumno que o desexa. Ademais eu divertínme bastante.

Os chalecos e gorras que temos destacan moi ben pola súa cor chamativa.

DIEGO IN-ALBON 5ºB

Paseino moi ben e tiven que recoller moitas cousas porque non sabía de quen eran, pero de todos modos a pesar de que algúns nenos/as non lles fagan caso aos vixilantes do patio, está moito máis limpo ca antes. Antes os campos de fútbol e o campo de herba estaban cheos de lixo, pero agora coa idea dos vixilantes axudou moito a manter ben limpo o patio. Como debe ser!

MARÍA VILA IGLESIAS 5ºB



Dende que os nenos e nenas do colexio somos vixilantes do patio, está moito máis limpo que antes. Os nenos e nenas do colexio xa non tiran lixo ao chan. Os uniformes que nos prestan son moi chamativos, para que así os mestres nos estén controlando por se facemos algo mal. O uniforme consta de: chaleco, gorra e unha luva de plástico por se hai lixo no chan e non sabemos de quen é, para que nós o recollamos, e se vemos a alguén tirar lixo os mestres dixéronnos que lles podíamos dicir ao neno ou nena que o recolla e que se non nos fan caso que vaíamos xunto deles e dicirilles que unha persoa (sexa a que sexa) tirou lixo ao chan e que non o quere recoller, pero o que non lle podemos facer ao neno ou nena que tirou lixo ao chan é: non lle podemos pegar, nin lle podemos insultar, etc. A miña opinión é que dende que somos vixilantes, o patio mellorou un 100%

ANDREA LOUREIRO SÁNCHEZ 5ºB

Eu creo que cos vixilantes no patio, o patio está máis limpo que antes. Agora xa non hai tanto lixo. Por exemplo: antes o campo de herba normal estaba todo sucio, había actimeles, papeis, caixas de zume, etc. Agora non está tan sucio, está máis limpo. Algúns vixilantes ás veces pónense a xogar pero a pesar diso se nota que está máis limpo. Creo que cos vixilantes o patio vai estar máis limpo que antes e tamén creo que tiñan que traer un contedor amarelo para o plástico.

FEDERICO PÉREZ FREIRE 5ºB

A min paréceme que o patio está máis limpo cos vixilantes, porque agora xa non hai tanto lixo no chan, aínda que queda algo. Hai persoas que confunden o contedor amarelo co verde (eu fíxome cando non son vixilante). En xeral paréceme moi positivo este cambio.

CARLOS PERNAS FRAGUELA 5ºB

Dende que hai vixilantes xa non hai tanto lixo. Aínda que algúns vixilantes non fagan moito, outros preocupáanse de que ninguén tire lixo, e así os nenos nos imos acostumando a, non tirar lixo para que o patio estea máis limpo e así tamén coidamos o medio ambiente.

ANDREA NOVO VILA 5ºB

A min paréceme moi boa idea, porque agora o patio está máis limpo, e ademais é moi divertido. Ao principio pensei que a xente non nos ía facer caso, pero en realidade nos fan moito caso, e fan o que lles dicimos, como por exemplo que tire o seu bote de zume ou cousas así. Estou moi contenta, é unha idea xenial.

PAULA TALLÓN FUENTES 5ºB

No patio do colexio nótase que se ve máis limpo ca onte. Aínda que os nenos ás veces non obedecen, de momento todo o de ser vixilante está saíndo ben. Tamén ás veces fan burla dos vixilantes.

FRAN RAMIL LORENZO 5ºB



CONTOS.

A ANDORIÑA

Erase unha vez unha
andoriña que se chamaba Pepiña e vivía
en Ferrol. Tivo dous fillos e levounos ao circo
e cando pasaron os elefantes casi púsan
a mamá andoriña. Sabeu un mozo
chamado Chimino, fixéronse amigos e regaláronlle
unha chaqueta.

Fin




As vacacións na praia

Eu son Martiño, un neno de dez anos. Xa me tarda o verán para ir coa miña familia á praia. Esperemos que non chova, pero como dicimos os galegos : “ Malo será...”

Iremos á praia dos Golfiños, onde se ve pasar, ás sete da tarde, algún que outro, alí preto da beiramar. Din que estes animais son amigables. Un día no meu pobo, Cariño, achegouse ao porto un golfiño e quedou varios días por esta zona. Contáronme que os nenos que se bañaban na praia se fixeron os seus amigos e podían acaricialo.

Este ano vou levar crema solar, porque o pasado púxenme coma un roxón. Doéronme as costas, as pernas e os brazos cada vez que me movía. Desta volta estenderei a crema branca por todo o corpo, aínda que pareza un pingüín..

Meu pai ensinaramme a nadar mellor, porque ás veces aínda me vou para o fondo. Tamén me gusta moito a piscina e divírtome moito nela cos meus amigos. Primeiro nadamos ata as sete e cuarto. Despois xogamos ata cansarnos. Pero a min o que máis me gusta é o mar. Por iso non me gustaría que chovera, porque penso divertirme moitísimo na praia este verán.



JULIÁN 5º A

Unha aventura máxica.

Ola, chámome Feli, e son unha fada. Vivo no val de Abedur, e, como todas as primaveras, estou coas miñas compañeiras espertando aos animais que aínda están durmindo despois do letargo. Logo teño que ensinar aos paxariños a voar, axudarlles as abellas na colmea... Bueno, e moitas cousas máis. Comín unha riquísima marmelada de fresas con pan. Logo fun dar un paseo antes de ir a traballar. Vía a todas as fadas cada unha coa súa función. Casi chegara ao primeiro niño e, de súpeto, vin a moitas fadas voando superrápido ao palacio real. Eu pensei que sería unha tolería, como por exemplo que se lle caera un pouco de mel no vestido a unha fada, ou algo así. Pero equivocávame. Cando outra vez estiven a punto de chegar ao niño, oín gritar a alguén. Seguí sen preocuparme. Cheguei ao niño e non vin ningún paxaro, nin sequera un ovo. Pensei que tal vez algunha compañeira xa os collera, aínda que me tocan a min. Fun a outro niño e tampouco había nada. Outro niño e tampouco, outro, outro e outro máis sen ningún paxaro. Fun correndo ata o palacio, e vin miles de fadas chorando e discutindo. Pedín poder falar coa raíña Eleanor. Encontreina moi triste e preocupada. Casi empezara a falar cando díxome:

-Xa sei o que me vas dicir. Moitas fadas viñeron xa a falar comigo. O problema é moi grave. Déixame soa, por favor, teño que pensar.

-Temos que facer algo, non hai ningún animal, nin sequera unha pequena formiga.

-Sei de sobra que algo temos que facer,pero necesito falar cos meus conselleiros,déixame soa,por favor.

Sáin moi indignada do palacio. Non podía crer o que dixera a raíña. Sen pensalo dúas veces fun correndo a avisar a miña mellor amiga,Dafne,estaba segura de que ela sabería que facer. Cheguei a súa casa , conteille todo o que pasaba e tamén díxenlle a miña idea,que era investigar o caso e coller o ou a ladrón. E ela,como se nada, díxome que de iso xa se ocuparían os soldados da raíña. Tamén funme da súa casa,e seguín buscando a alguén que me axudara a buscar ao ladrón. Pero ninguén quixo. Iso significaba que tería que investigar eu soa. Non me gustaba moito a idea, pero tería que conformarme.

Primeiro mirei nos niños por se había algún rastro do ladrón. Non había nada,e cando ía polo 6º, fixeime en que había un colar de gotas de auga .

Moi poucas fadas levan eses colares,soamente as máis ricas ou a raíña. Xa tiña unha pista. Mirei os demais niños,pero non había nada. Non me sorprendía,non cría que o ladrón fóra tan tolo como para deixar máis pistas ,co colar xa tiña bastante. Antes de ir buscar outras pistas,fun a casa a pensar un pouco. Acosteime na cama,e intentei pensar quen podían ter ese colgante. Podería ser Petula,a filla dun conselleiro da raíña,tal vez Silvermis,a filla do gardián do lago,ou tal vez Sami, a filla doutro conselleiro. Tamén estaba Demi, pero era moi boa e dulce como para facer algo así. Logo recorrín todas as madrigueiras,e tampouco vin nada ,tan solo un cacho de tela vermella. Ulía a rosas con un toque de lavanda. Entón só podían ser Petula,Silvermis e Demi,porque Sami nunca se poñería iso nin morta,ademais que ela é alérxica a todo tipo de rosas,nin perfumes delas nin nada. Unha menos. Logo fun a colmea, e encontrei unha bailarina de cor lila con purpurina dourada. Soamente se poñían iso Petula e Demi. Investiguei polos de mais lugares, pero non había nada. Cando ía ir para casa,encontreime cunhas pegadas, e fixeime que coincidían coa bailarina que encontrara. Seguinas ata o lago Leryn. De súpeto,vin unha sombra correndo,logo a volví a ver,e fixeime que levaba un saco elevado con pos máxicos. Fun voando moi rápido para seguila. Cando se parou,estaba nunha gran cova,e de súpeto vin...Non mo podía crer:

Era Demi! Estaba moi sorprendida,e dixen:

-Porque o fixeches? Intenta explicármelo.

-Fíxeno porque estou farta de que sempre pensedes que son demasiado boa e obediente como para facer as mesmas cousas ca vos. Por exemplo,a raíña din que son demasiado medorenta como para espertar aos animais,e sempre teño que recoller as follas secas como as demais novatas.

-Escoita,se querías facer iso,podías pedirme que che acompañe a falar coa raíña,en vez de facer isto. É horrible.

-Perdón,é que estaba moi enfadada e pensei que se xa non había máis animais,teríades que facer o mesmo ca min.

-Estas perdoada,pero agora tes que falar coa raíña.

Foi falar coa raíña,e aínda que estaba ao principio un pouco enfadada, pero logo xa non,e prometeulle que ela tamén ía espertar aos animais,ela púxose moi contenta,e logo pediulle perdón a todas as fadas. Todas as perdoaron amablemente,sen gritos e enfados. Todo volveu a ser como antes. E a miña mellor amiga deume un forte abrazo e díxome que estaba moi orgullosa. Como premio,eu no mo esperaba, déronme unha foto preciosa de todas as fadas e animais do valle. Inviteinos a todos a comer .Bueno aquí acabouse a miña historia .Adeus,ata pronto

Paula Tallón Fuentes de 5ºB

Perdida no bosque

Érase unha vez, unha nena chamada Pili que lle gustaba ir ao bosque pero os seus pais non lle deixaban ir.

Unha maña, a nena levantouse, preparou unha mochila cun bocadillo e roupa de abrigo. Colleu camiño do bosque mentres se alonxaba, decatouse de que lle faltaba a auga e tiña moita sede. Pili intentou volver a casa pero perdeuse e non sabía por onde volver.

Os seus pais que a estaban esperando par ir a cidade decatáronse que non estaba no seu cuarto. O pai todo preocupado di : "Onde esta a miña nena?" A nena que tiña moito medo sentouse nunha pedra a pedir axuda e esperar que alguén viñera por ela. Os seus pais que xa se imaxinaban que iría no bosque, foron en busque dela.

Dúas horas despois atópana chorando despexadamente. Volven a casa os tres xuntos moi contentos.

- "Pili por que te fuches ti sola ao bosque?"

- "E que quería ver os animais que había , pero prométoche que nunca mais volverei soa ao bosque."

Diego In-Albon 5B

O cómic

A SOMBRA DA LÚA

ALDARA 5º A



Hai moitos anos a Lúa non íña sombra e os lobos eran negros como panteras. Unha noite a Lúa achegouse a unha fraga onde había un lobo e dixo...



E aquela noite o lobo quedou sen sombra porque lla quitou a Lúa. Dende entón a pel do lobo é como a que ten hoxe.



O lobo berrou ...



E a Lúa respondeu...



E desde aquela noite o lobo aubea e a Lúa ten sombra.



POEMAS

Rimas do carnaval

Javi vai de mosqueteiro
e ten un sombreiro

Iker fai de pirata
e tropezou cunha pata,

Yanire come unha quindina
e vai vestida de india

Noemi en un coracal que esta no sol,

Lucía fue de pirata

e tropezou cunha pata,



A mimosa

A mimosa é fermosa.

As súas flores son maveñas
e son unha maravilla,
son moitas pelotinas
para xogar as abellinas.

peites parecen as súas follas,

para peiteavite de te mallas.

PRIMAVERA

No patio hai flores
de moitas cores.

Hai flores moi distintas
pero a mais bonitas
é a margarida.

Sae o sol

sacar os cornos do caracol.

Chega a bolboreta
con moitas cores na camiseta.
Vai de flor en flor
porque vai calor.

Os nenos xogan no patio.



A PRIMAVERA

Chegou a primavera,
a primavera chegou,
con ela os paxaros
e o sorriso do sol.

Chegou a primavera,
a primavera chegou,
reviven as plantas
e o inverno marchou.

Chegou a primavera
a primavera chegou,
xa vai pouco frío,
xa ven a calor.

Paula Leis 5ºA

O VERÁN

Tambaléase a Lúa
coa brisa do mar
asómanse as ondas
para saudar.

O sol dende o ceo
moi forte lucirá
acércase o verán
e o colexio acabará

**Vente, ventíño**

Vente, ventíño,
vento mareiro,
que se non vés
non come o larpeiro.
Vente, ventíño,
vento mareiro,
que se non vés
non vén o barqueiro.

Catro patas

ten un gato:
unha, dúas
tres e catro.

Carrapuchiña

Carrapuchiña,
carrapucheira,
corre lixeira,
que se non corres,
lobolobeiro
chega primeiro.

Andrea Novo Vila de 5ºB

POEMAS POLA PAZ.

“A paz é tan bonita
coma unha xoaniña
E o amor
Máis forte que a dor”.

Esther.

Os nenos piden xoguetes como
Os presos a liberdade,
eu pido a paz soamente
E que endexamais nos deixe.

Laura.

A paz é tan fermosa
Coma unha rosa.
Paz e amor
Por un mundo mellor.
Coa paz na terra,
Diremos: **NON Á GUERRA!**

Inoa.

“A paz no corazón,
É paz e moito amor.
A paz, é un paxaro nas mans.
A paz, é o corazón de dous irmáns.”

Alonso.

Para que todos os nenos pidan xogar
eu pido, con todo o meu corazón,
que lles deixen vivir en paz.

Alicia.


Alumnos e alumnas de 2ºA

BIBLIOTECA

Ola rapaces!

Estou moi contento, porque durante o mes de abril, viñédeses moito á biblioteca, para participar nas diferentes actividades programadas para o DÍA DO LIBRO.

Gustoume moito a EXPOSICIÓN DE MARCAPÁXINAS, agora podedes empregar o voso marcador no libro que estades a ler.



Carlos Pernas e Carlo Zara foron os gañadores do CONCURSO DE ADIVIÑAS, e esta é a súa opinión sobre a actividade...

Concurso de adiviñas

Na semana do 12-16 de Abril foi o concurso de adiviñas.

M^{re} Jesús puxo unha adiviña cada día e se querías a resposta no buzón de "Ti opinas". Participaron 59 alumnos e alumnas, de 5^oB e 4^oA 12 persoas e de 3^oA 15 e noutras clases tamén, pero non tantas. Ningunha clase participou todos os días.

Na clase que máis alumnos participaron os 5 días foi 5^oB con 7.

As adiviñas eran sinxelas e complicadas. Para min a máis complicada foi:

"Dos guardas cálidas con sus escondrijos,
para los hermanos y sus quintillizos."

Nesa houbo unha confusión entre luvas e calcetín, pero a correcta era luvas.

Os gañadores foron dous e ambos os dous de 5^oB. Os agasallos foron unha mochila e un bolígrafo.

Isto é moi divertido e para o ano que se animen a participar todos e de paso ler ~~entende~~ de xogar cos ordenadores.

Carlos Ferrás Fraguera 5^oB

Tamén se fixeron unhas **LECTURAS DRAMATIZADAS** e un grupo de alumnos e de profesores disfrazáronse de ratos. Cintia Fernández, Paula Tallón, Miguel Fernández e Camila Herrera cóntannos como se desenvolveu esta actividade.

LECTURAS DRAMATIZADAS

Na semana de Abril do 26 ao 30 realizáronse lecturas dramatizadas para os nenos e nenos de todo o colexio na biblioteca.

A lectura dramatizada foi "Los siete ratones ciegos". O conto trataba de sete ratos cegos que atoparon un elefante, aínda que eles non sabían o que era ata que o domingo o rato Branco uniu todas as partes que eles dicían e todo xunto formaba o elefante.

A lectura fixose para que os nenos se comprometeran a ir á biblioteca para ler máis.

Os nenos que asistiron foron:

1ºA: 14 1ºB: 8 2ºA: 5 2ºB: 6 3ºA: 0 3ºB: 9 4ºA: 6

4ºB: 13 5ºA: 5 5ºB: 11 6ºA: 3 6ºB: 1


3 anos: 15 4 anos A: 12 4 anos B: 14 5 anos A: 16 5 anos B: 14

Nesta actividade, participaron os nenos: Paula, Cintia, Miguel e Camila, e os profesores: Mari'a Jesús, Manolo e Marilammen. A narradora foi Dona Dulce. Creemos que a todo lles gustou moito. Con agoirno.




Para a celebración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS vou ter un novo libro para ler, titúlase ***CARIÑO, A MIÑA VILA***. Os seus autores sodes todos os alumnos e alumnas do cole. Estou agardando a súa chegada á biblioteca, porque penso lelo nun "plis-plas".

Seguide lendo: nos libros hai historias maravillosas.



MULTILEO



PROTAGONISTAS.

Eva Pernas Fraguera, é unha das mellores deportistas do colexio, gústalle o fútbol, o tenis e as carreiras. Tamén destaca no estudo e por todo iso a escollemos para a sección de “**Protagonistas**”

Canto tempo levas facendo deporte? (Mario)

Dende os tres anos.

Cando empezaches a xogar ao fútbol? (Yarizá)

Pois dende os cinco anos.

Algunha vez tiveches unha lesión? (Adrián)

En segundo tiven un esguince no pulso, e fai pouco outro no nocello.

Cal é o teu record de goles nun partido? (Nuria)

Tres goles.

Que número levas na camiseta? Por algún motivo? (Adrián)

O 10 porque é o meu número favorito.

Que deporte te gusta máis? (Mario)

De sempre o fútbol.

Algunha vez prohibíronche xogar ao fútbol? (Nuria)

Non, nunca.

Que prefires, xogar nun equipo mixto ou feminino? (Yarizá)

Prefiro un equipo mixto.

En que equipo gustaríache xogar? (Adrián)

No F.C. Barcelona.

Que opinan os rapaces de xogar contigo? (Mario)

Parécelles ben e non teñen nada en contra.

Danos un consello para os que empezamos a xogar a fútbol (Yarizá)

Hai que ir despazo, pouco a pouco e se pos interese e o gozas, aprendes antes.



Mario, Yarizá, Nuria e Adrián de 3ºA, 4 de maio de 2010.

DEPORTES.

Campo a través.

O día 18 de decembro de 2009 fomos a facer unha carreira a Cedeira, o resultado foi estupendo. Os nenos de segundo e terceiro correron xuntos, gañou unha nena chamada Bea de 2º e de nenos foi Raúl Cortés de 3º.

Os nenos de cuarto e quinto tamén correron xuntos, non quedaron primeiros, pero de segundo chegou Fran, e Carlos de terceiro, os dous de quinto. De nenas gañou María de cuarto.

En sexto, das nenas gañou Eva Pernas e de segunda chegou Karina. De nenos gañou Antonio e despois foi Ángel.

Agás en alevín masculino (4º e 5º) gañamos en tódalas probas

Todos e todas saímos moi contentos.

Miriam Breijo Fachal de 6ªA.



Xogamos ao atletismo.

22 de abril de 2010 en Cedeira.

Pola mañá chegamos á escola .
Marchamos a clase , despois subimos ao bus e fomos a Cedeira . Ao chegar a Cedeira fomos ao polideportivo .
Xuntámonos cos nenos de Cedeira .
Na competición había 7 probas: carreira , saltos e lanzamento de xavelina, lanzamento de peso, remudas e valos.

Os grupos eran: alevín e benxamín. A proba que máis me gustou foi a de salto de altura.


Ao final gañou Cariño e fomos moi felices.

Brais Montero de 3ºB



OBRADOIRO.

UN PORTAFOTOS DE DESEÑO PARA OS NÓSOS PAIS



Cunha caixa de cartón de folios cortamos dous cartóns rectangulares de igual tamaño



A un dos cartóns cortámoslle un recadro no medio co cúter. Logo estendemos a cola e pegamos cartolina raiada da cor que máis nos guste por unha cara de cada cartón.



A continuación pegamos as dúas partes para que o noso portafotos vaia collendo forma.



Pola parte de atrás, pegamos o soporte que foi o anaquiño que cortamos anteriormente no recadro do medio dun dos cartóns. Pegámolo pola parte de arriba con cola. Agora ben a parte que máis lle gusta aos nenos e nenas que é queimar a cera branca para facer unha decoración moi moderna.



E xa está listo o portafotos de deseño para os nosos pais!!!

PASATEMPOS.

SUDOKU


ALDARA E HELENA 5º A

6	5		3		4	8	7	2
4	7			5	8		1	6
	3	8	2	7	6	5		9
3	9	5	4	8			6	7
	4	6		2	9	1		5
2		7		6	3	9	8	4
5		1	6	4	2	7	9	3
7	6	3	8	9		4		1
9		4	8		7	6	5	



ALDARA 5º A


BUSCA AS OITO DIFERENZAS



ADIVIÑAS E XEROGLÍFICOS

Ás veces son mensaxeiras,
outras, símbolo de paz;
nos parques ou nos xardíns,
sempre as atoparás

Chéganme as cartas
e non sei ler
e aínda que as trago
non mancho o papel.



Busca estes escritores galegos:
 Rosalía de Castro, Uxío Novoneya,
 Eduardo Pondal, Manuel María,
 Otero Pedrayo e Castelao.
 Pero -- ¡Ollo! O nome completo
 poden estar en varias direccións.

T	I	B	R	R	C	A	M	I	L	O	S
X	E	S	O	X	I	H	N	O	I	X	U
O	L	A	S	I	L	P	O	A	M	R	E
Y	C	I	A	T	E	O	V	L	U	H	M
A	P	R	L	U	V	A	O	E	P	I	E
R	O	T	I	L	I	M	N	T	E	O	N
D	R	C	A	A	T	O	E	S	E	R	C
E	A	E	S	D	A	R	Y	A	N	I	S
P	I	L	O	N	E	I	R	C	E	N	A
O	R	E	T	O	T	C	A	S	T	R	O
L	A	G	R	P	O	D	R	A	U	D	E
E	M	L	E	U	N	A	M	P	I	S	N

David Fernández 5º a

“ADIVIÑAS”

Golpe despois de golpe,
 Cravo despois de cravo,
 Iso é o que eu fago.
 (S, o _____)

Mil dentes en fila
 aguzados e cortantes,
 Que árbores robustas
 derruban ao instante
 (S,A,_____)

Aínda que non son importantes
 Na vida pinto algo,
 pero deixarei de traballar
 o día que quede calvo
 (S.O _____)

Redondo redondo
 Coma vaso fondo
 e vaso non che é
 (S.O _____)

Alumnos e alumnas de 4ºB.

- 1.Un platiño de avellanas que polo día se recollen e de noite desparrámansa
- 2.Se me nomeas desaparezo. Quen son?
- 3.Que é o que algo e á vez nada?
- 4.Entra seca e arrogante e sae fofa e chorreante
- 5.No monte grita e na casa mudita
- 6.Dous cristais transparentes teñen auga e non son fontes
- 7.Ten dentes e non come,ten cabeza e non é home

Carlos Pernas Fragueta 5ºB

ADIVIÑAS ADIVIÑANZAS

1º Pequeniña como un rato e garda a casa coma un león.

2º Branca son e, di a miña veciña, útil sempre son na cociña.

3º Unhas son redondas outras ovaladas, unhas pensan moito, outras case nada.

4º Empeza por te e acaba po esa, quen será esa?

5º Meu ser por un punto empeza, por un punto a de rematar, o que adiviñe o meu nome solo a metade dirá.

Fran Ramil Lorenzo

RESPOSTAS: 1º Chave, 2º Fariña, 3º A cabeza, 4º Teresa, 5º Media

Cal é o único animal que ten 4 patas ao nacer , 2 na madurez e 3 na ancianidade?

Resposta: onamuh res O

Se sobe vámonos e se baixa quedámonos. Que é?

Resposta: arocna O

Paxariño voando coas tripas colgando. Que é?

Resposta: atemoc A

Na mesaponse, cortase e repártese pero non se come. Que é?

Resposta: allarab A

Canto máis profunda é ,ti moito menos a ves. Que é?




Resposta: edadirucso A

Cen damas nun camiño non fan po nin remuíños. Que son?

Resposta: sagimrof sA

Andrea Loureiro Sánchez 5ºB

Outras portadas





CASA DE XEIO
DO EL YANOS-A



XUNTA DE GALICIA
CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" CARIÑO A CORUÑA